

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 30 de xullo de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas do día trinta de xullo do dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.250).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Por todos os presentes ratifícase a urxencia da sesión.

2(1.251).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE XANEIRO E MAIO 2010. EXPTE. 19916/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación, do 26.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 28.07.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ós meses de xaneiro e maio do-2010 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-Gratificacións, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De José A. Comesaña Davila a Miguel Angel Alonso Alonso	Xaneiro-2010	272,00
Central	De Emilio Aira Pereiro a José A. Rodríguez Souto	Xaneiro-2010	223,00
Limpeza	De Angel Alonso González a Florentino Prieto Domínguez	Xaneiro-2010	90,00
Parque Central (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Xaneiro-2010	18,00
Parque Móbil	De Angel Alonso González a Florentino Prieto Domínguez	Xaneiro-2010	306,15
Desinfección	De Higinio Durán Cabobianco a José Manuel Sousa Atrio	Xaneiro-2010	89,00
OSPPIO	De Angel Ferro Mancho a Loreto Romero-Gil Delgado	Xaneiro-2010	167,30
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Xaneiro-2010	70,00
Alcaldía (Condutores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Maio-2010	255,00
Vías e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a Rodrigo Rodríguez Rocha	Xaneiro-2010	339,00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Domingo, Vázquez González	Maio-2010	129,00
Bombeiros (Oficinas)	De Mª Luz Palmás Calvar	Xaneiro-2010	49,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Ventura Oujo Gerut	Xaneiro-2010	128,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Xaneiro-2010	392,00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Maio-2010	102,00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Xaneiro-2010	12,00
Conserxería	De Mª Teresa Vaqueiro Herbelo	Xaneiro-2010	45,30
Policia Local Xulgados	De Constante Alonso Caride a Lucia Vidal Lorenzo	Maio-2010	923,15
Policia Local Horas en exceso	De David Alonso Duarte a Juan Guillermo Vivero Mijares	Maio-2010	1024,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 41.474,24 € (corenta e un mil catrocentas setenta e catro euros con vintecatro céntimos).

3(1.252).- GRATIFICACIÓN POR DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO 2010. EXPTE. 19997/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación, do 21.07.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 28.07.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal do servizo de Extinción de Incendios que figura na relación que se achega e que comeza por Francisco J. Abreu Torres e remata por Domingo Vázquez González, as cantidades que figuran para cada un deles e que ascende un total de 37.551,28 € (trinta e sete mil cincocentas cincuenta e un euros con vinteoito céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

4(1.253).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURA DA XUNTA DE GALICIA, A SOCIEDADE ESTATAL “AGUA DE LA CUENCA DEL NORTE S.A.” E O CONCELLO DE VIGO, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA EDAR DO LAGARES”.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Investimentos, do 30.07.2010, co informe do asesor xurídico do 29.07.2010, e co informe do Interventor Xeral do 30.07.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Prestar a súa aprobación ó Borrador do Convenio a subscribir entre o Excmo. Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, o Excmo. Sra. Presidenta do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o Excmo. Sr. Presidente de “Aguas de la Cuenca del Norte, S.A. e o Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Vigo de conformidade co clausulado e redacción que figura no expediente administrativo e co fin de levar a efecto a actuación “Ampliación e Modernización da EDAR do Lagares”.

2º.- Facultar ó Excmo. Sr. Alcalde-Presidente para que en representación desta Corporación Local proceda a signatura do seguinte documento de compromiso.

3º.-Autorizar a elevación das porcentaxes ou topes máximos previstos para o compromiso de gasto, en escenario plurianual, recollidos no artigo 174 da vixente LRHL e todo ilo ó amparo da facultade concedida a este órgano no apartado 3 da disposición adicional segunda da Lei 30/2007.

4º.- Autorizar o compromiso de gasto, en concepto de adquisición de terreos necesarios, por importe máximo de 10.274.000,00€ con cargo a exercicios futuros e de acordo co seguinte escenario plurianual:

ANUALIDADE ORZAMENTARIA	DOTACION ORZAMETARIA COMPROMETIDA
2011	1.905.040,00 €
2012	6.678.100,00 €
2013	1.690.860,00 €
TOTAL	10.274.000,00 €

5º.- Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, Organismo Autónomo Augas de Galicia, Sociedad Estatal “Aguas de la Cuenca del Norte, S.A.” para o seu coñecemento e efectos oportunos.

A Sra. Méndez Piñeiro manifesta que quere que conste en acta que o seu grupo do BNG tiña a intención de absterse neste punto.

5(1.254).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O ESPECTÁCULO “VIGO, TERRA DE TESOUROS” DA COMPAÑÍA TEATRAL XARXA TEATRE NA PORTA DO SOL O DÍA 2-08-10, PARA O PREGÓN DAS FESTAS DE VERÁN 2010. EXPTE. 3744/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Animación Sociocultural, do 23.07.2010, co conforme do concelleiro de dita área, e o informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 29.07.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, do espectáculo “Vigo, terra de tesouros” de XARXA TEATRE, o día 2 de agosto ás 22:00 horas, na Porta do Sol.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 47.200,00 euros (IVE incluído) con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3380.226.0910 (Actividades culturais diversas) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa XARXA TEATRE S.L.

3º.- O pagamento se realizará a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

6(1.255).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MUSICAL DE MIKA NO AUDITORIO DE CASTRELOS O DÍA 14.08.10, CON MOTIVO DAS FESTAS DE VERÁN 2010. EXPTE. 3748/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Animación Sociocultural, do 26.07.2010, co conforme do concelleiro de dita área, e co informe da xefa do Servizo de Fiscalización, do 29.07.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto nos artigos 20 e 154.d da Lei 30/2007, da actuación musical de MIKA, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2010, o día 14 de agosto ás 23:00 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 161.660,00 euros (IVE incluído) con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3380.226.0910 (Actividades culturais diversas) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará PRODUCCIÓN Y ESPECTÁCULOS DE GALICIA S.L.

3º.- O pagamento se realizará a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Aprobar os prezos de 12 euros como venda anticipada e de 15 euros como venda en taquilla para as 3.500 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.”

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

am/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.